# Tres ideas fundamentais como punto de partida

1

Unha escola e un aula inclusiva acolle a todo o mundo, non rexeita a ninguén: todos teñen dereito a acudir a ela, sen distinción dunha posible discapacidade, a orixe cultural ou calquera outra diferenza. Tamén deberían poder aprender nela cos seus compañeiros e dos seus compañeiros.

O único xeito de facer posible aulas inclusivas, nas cales poidan aprender xuntos alumnos e alumnas aínda que sexan moi diferentes, é estruturando nelas a aprendizaxe de forma cooperativa.

Programa CA/AC: ("Cooperar para Aprender/ Aprender a Cooperar") Universitat de Vic

# Tres ideas fundamentais como punto de partida

2

A cooperación supón algo máis que a colaboración: detrás da cooperación hai valores fundamentais como a solidariedade e o respecto polas diferenzas. Non pode haber propiamente cooperación (é dicir: non se poden educar os valores que hai detrás da cooperación) –nun aula– si previamente se excluíron dela aos que son "diferentes", si a aula non é inclusiva.

# Que entendemos por aprendizaxe colaborativa?

1

**A aprendizaxe cooperativa** é utilizar cunha finalidade didáctica o traballo en equipos reducidos de alumnado, utilizando unha estrutura da actividade de modo que:

- Asegure ao máximo a participación equitativa (para que todos os membros do equipo teñan as mesmas oportunidades de participar)
- Aprovéite ao máximo a interacción simultánea entre eles...
- ...coa finalidade de que todos os membros dun equipo aprendan os contidos escolares, cada un ata o máximo das súas posibilidades e aprendan, ademais, a traballar en equipo.

Programa CA/AC: ("Cooperar para Aprender/ Aprender a Cooperar") Universitat de Vic

# Que entendemos por aprendizaxe colaborativa?

2

Os membros dun equipo de aprendizaxe cooperativa teñen **unha dobre responsabilidade:**

- Aprender eles o que o profesor lles ensina
- Contribuír a que o aprendan tamén os seus compañeir@s de equipo.

E os equipos de aprendizaxe cooperativa **teñen unha dobre finalidade:**

- Aprender os contidos escolares
- Aprender a traballar en equipo, como un contido escolar máis. É dicir, cooperar para aprender e aprender a cooperar.

- Unha cousa é que os alumnos e alumnos fagan, de cando en vez, "*algún traballo en equipo*" e outra cousa moi distinta é ter estruturada a clase, de forma máis ou menos permanente, en **equipos de traballo** nos cales se axuden e animen mutuamente á hora de aprender

Programa CA/AC: ("Cooperar para Aprender/ Aprender a Cooperar") Universitat de Vic

# Tres ideas fundamentais como punto de partida

3

**Algunhas competencias comunicativas**: expresar, argumentar e interpretar pensamentos, sentimentos e feitos; escoitar as ideas alleas; aceptar e realizar críticas constructivas; colocarse no lugar doutro de forma empática; respectar opinións distintas ás propias con sensibilidade e espírito crítico.

**Algunhas competencias sociais**: practicar o diálogo e a negociación para resolver conflitos; traballar en equipo aportando o que un sabe xunto ao que saben os demais para resolver xuntos problemas comúns.

**Estas competencias difícilmente pódense practicar e, polo tanto, aprender** , si os alumn@s non teñen a oportunidade de traballar xuntos, en equipo, dentro da clase, de forma continuada.

# ESTRUTURAS DA APRENDIZAXE

| Estrutura da actividade individualista | Estrutura da actividade competitiva | Estrutura da actividade cooperativa |
| --- | --- | --- |
| Cada estudante estudia só, sen prestar atención ao que fan os demais | Cada estudante traballa só, rivalizando cos seus compañeiros | O alumnado forma pequenos equipos de traballo para axudarse e animarse á hora de aprender |
| Espérase do alumnado que aprenda o que o profesorado ensina. | Espérase del que aprenda máis que os demais ou antes que ninguén, o que o profesorado ensína | Espérase de cada estudante que aprenda o que se lle ensina e que contribúa a que o aprendan os seus compañeiros |
| Consegue este obxectivo independientemente de que os demais tamén o consigan (NON HAI interdependencia de inalidades). | Consegue este obxectivo si, e só si, os demais NON o conseguen. (Interdependencia de finalidades NEGATIVA) | Consegue este obxectivo si, e só si, os demais TAMÉN o conseguen (Interdependencia de finalidades POSITIVA) |

Programa CA/AC: ("Cooperar para Aprender/ Aprender a Cooperar") Universitat de Vic

# ESTRUTURAS DA APRENDIZAXE

**Estrutura da actividade individualista**

**Estrutura da actividade competitiva**

**Estrutura da actividade cooperativa**

**INTERACCIÓN PROFESORADO-ALUMNADO**
**TRABALLO INDIVIDUAL**

INTERACCIÓN PROFESORADO-ALUMNADO
+
INTERACCIÓN ALUMN@-ALUMN@

TRABALLO INDIVIDUAL
+
TRABALLO EN EQUIPO

**ELEMENTOS FUNDAMENTAIS DA ESTRUTURA**

Programa CA/AC: ("Cooperar para Aprender/ Aprender a Cooperar") Universitat de Vic

# ELEMENTOS DETERMINANTES DO GRAO DE INCLUSIÓN NUNHA AULA

1. **AGRUPAMENTO DO ALUMNADO**
2. **NATUREZA DO CURRÍCULUM**
3. **ESTRUTURA DA ACTIVIDADE**

Normalmente incídese sobre os dous primeiros elementos...

**...E MOI POUCO SOBRE O TERCEIRO**

**Na maioría dos centros non se cambiou –ou, polo menos, non se cambiou a fondo- a estrutura da actividade na maioría das clases, de modo que a máis habitual segue a ser unha ESTRUTURA INDIVIDUAL OU COMPETITIVA**

Programa CA/AC: ("Cooperar para Aprender/ Aprender a Cooperar") Universitat de Vic

## ¿ Que pasa co alumnado con máis problemas de aprendizaxe nunha clase cunha… ?

**Estrutura da actividade individualista**

Os estudantes con problemas para aprender deben recorrer ao profesor do aula ou ao profesor de apoio. Seica poden contar coa axuda dun/a compañeiro/a….

**Estrutura da actividade competitiva**

Os estudantes con problemas para apren der, deben recorrer ao profesor do aula ou ao profesor de apoio. Difícilmente poden contar coa axuda dun/a compañeiro/a….

**Estrutura da actividade cooperativa**

Os estudantes con problemas para aprender contan, ademais, co apoio dos seus compañeiros e das súas compañeiras

Programa CA/AC: ("Cooperar para Aprender/ Aprender a Cooperar") Universitat de Vic

# As estruturas da actividade cooperativa, segundo Spencer Kagan

**Unha estrutura da actividade cooperativa corresponde a unha determinada forma de organizar as sucesivas operacións que o alumnado debe seguir no momento de levar a cabo unha determinada actividade ou tarefa, de modo que se asegure ao máximo o que Spencer Kagan (1999) denomina a *participación equitativa e a interacción simultánea.***

**Participación equitativa:** Todos os alumnos e as alumnas deben ter a oportunidade e a "obriga" de participar equitativamente na actividade

**Interacción simultánea:** Todos os alumnos e as alumnas dun equipo deben ter a oportunidade e a "obriga" de expresar o seu punto de vista, discutir e dialogar cos demais ata chegar a un acordo

Programa CA/AC: ("Cooperar para Aprender/ Aprender a Cooperar") Universitat de Vic

## UVIC
## Universitat de Vic

Proyecto PAC: Programa didáctico inclusivo para atender na aula ao alumnado con necesidades educativas diversas.
Unha investigación evaluativa.
Ministerio de Ciencia e Innovación
(Referencia: SEJ2006-01495/EDUC)

# Proyecto PAC: Programa didáctico inclusivo para atender en el aula al alumnado con necesidades educativas diversas.
Una investigación evaluativa. Ministerio de Ciencia e Innocavión (Referencia: SEJ2006-01495/EDUC)

## El PROGRAMA CA/AC ("Cooperar para Aprender/Aprender a Cooperar") PARA ENSEÑAR A APRENDER EN EQUIPO
Presentación 1: Conceptos básicos

Equipo de trabajo:
Pere Pujolàs y José Ramón Lago (Coords.), Mila Naranjo, Olga Pedragosa, Gemma Riera, Jesús Soldevila, Glòria Olmos, Alba Torner y Carles Rodrigo

Resumo e Adaptación Charo Sänchez-Gabriel